

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES – ENTROIDO 2023

A Concellaría de Cultura e Turismo do Concello de Melide, a través do seu Departamento de Cultura, convoca o concurso de disfraces de Entroido que terá lugar neste municipio o domingo 19 de febreiro de 2023, enmarcado na programación cultural do Entroido 2023.

INSCRICIÓN E PARTICIPACIÓN:

LUGAR E PRAZO: Poderán participar todas aquelas persoas que realicen a súa inscrición no Departamento de Cultura do Concello de Melide segundo ficha normalizada até ás 14.00 h do día 17 de febreiro de 2023. Tamén poderán inscribirse antes do inicio do desfile, no cantón de San Roque ou no caso de choiva no pazo de congresos e exposicións en horario de 16.30 a 17.00 h.

MÚSICA: os/as participantes no concurso deberán entregar no momento da inscrición a música en formato CD ou memoria USB con indicación do nome do tema e o seu autor/a.

Os que se inscriban no mesmo día do concurso non poderán escoller a música para o pase polo escenario.

ITINERARIO:

16:30 h: recepción de participantes (cantón de San Roque)

17:30 h: desfile (saída do cantón de San Roque)

18:30 h: concurso de disfraces (pazo de congresos)

No caso de choiva:

17:30 h: recepción de participantes (pazo de congresos)

18:30 h: concurso de disfraces (pazo de congresos)

PREMIOS POR CATEGORÍAS

COMPARSAS (+8 persoas)

- 1.º premio: 1.000 €

- 2.º premio: 700 €

GRUPOS (3-8 persoas):

- 1.º premio: 400 €

- 2.º premio: 300 €

INDIVIDUAIS E PARELLAS:

- 1.º premio: 150 €

- 2.º premio: 100 €

Os menores de idade non poderán participar nesta categoría se non van emparellados cun adulto.

O pagamento dos premios poderase facer de dúas maneiras:

1º) De maneira global. Neste caso, todos os membros do grupo/comparsa autorizarán a unha única persoa para que cobre a totalidade do premio.

2º) De forma individual. Neste caso, cada participante deberá presentar fotocopia do DNI e xustificante do número de conta con indicación do IBAN.

No caso de presentarse como asociación, esta deberá presentar acta da xunta directiva, fotocopia do CIF e conta bancaria con indicación de IBAN.

A documentación para o pago dos premios deberá presentarse no Concello de Melide no prazo de 15 días laborais desde a resolución do concurso.

Ás contías de cada premio aplicaráselles a retención fiscal correspondente.
No caso de ser menor de idade, o pagamento do premio efectuarase ao seu titor /a legal.

XURADO E CRITERIOS DE SELECCIÓN

O xurado será nomeado por decreto de alcaldía e estará formado por membros de diversas asociacións e entidades deste Concello ou persoas vinculadas ao mundo da cultura e tradicións.

A decisión do xurado realizarase ao remate do concurso. Este terá liberdade de criterio para establecer as súas cualificacións en cada unha das categorías mais deberá prestar atención a cuestións como: número de membros, orixinalidade dos disfraces, vestiario e maquillaxe, coreografía e música, traballo feito a man e posta en escena.

A resolución será inapelábel e os premios poderanse declarar desertos se o xurado o considera oportuno.

A decisión do xurado será plasmada nunha acta redactada para tal efecto con indicación dos gañadores e dos seus datos por cada modalidade.

A decisión do xurado deberá ratificarse por decreto de Alcaldía, órgano competente para o recoñecemento das obrigas que se deriven para o Concello.

ANEXOS:

1. SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2023
2. AUTORIZACIÓN DE COBRAMENTO DO PREMIO ADQUIRIDO NO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2023 DO CONCELLO DE MELIDE
3. ANEXO 3: MODELO DE ACTA DA REUNION DO XURADO

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2023

CATEGORÍA

☐ Comparsa ☐ Grupo ☐ Individual ou parella

DATOS DO DISFRACE

Nome do disfrace	
Núm. de compoñentes:	
Descrición do disfrace:	

DATOS DO REPRESENTANTE

Debe ser un membro do grupo quen levará a representación deste

Nome e apelidos do representante	
Nome da entidade (de ser o caso)	
DNI	
Enderezo	
Localidade	
CP	
Teléfono/s de contacto	
E-mail de contacto	

Como membro do disfrace, e representando aos meus compañeiros/as, fago constar que aceptamos as bases que regulan o CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2023 do Concello de Melide e solicitamos que sexa aceptada esta inscrición.

DATA 2023
SINATURA



ANEXO 2: AUTORIZACIÓN DE COBRAMENTO DO PREMIO ADQUIRIDO NO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2023 DO CONCELLO DE MELIDE (de forma individual)

CATEGORÍA

☐

Comparsa

☐

Grupo

☐

Individual

DATOS DO DISFRACE

Nome do disfrace:

DATOS DOS COMPOÑENTES DO GRUPO

Nome e apelidos:	DNI:
Nome e apelidos:	DNI:
Nome e apelidos:	DNI:
Nome e apelidos:	DNI:
Nome e apelidos:	DNI:
Nome e apelidos:	DNI:
Nome e apelidos:	DNI:
Nome e apelidos:	DNI:
Nome e apelidos:	DNI:
Nome e apelidos:	DNI:
Nome e apelidos:	DNI:
Nome e apelidos:	DNI:

Para o cobramento do premio, é necesario aportar no Departamento de Cultura do Concello de Melide unha fotocopia do DNI e do número de conta con indicación do IBAN de cada un dos membros no prazo de 15 días hábiles desde a resolución do concurso.

....., de de 2023

SINATURA



AUTORIZACIÓN DE COBRAMENTO DO PREMIO ADQUIRIDO NO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2023 DO CONCELLO DE MELIDE (de maneira global)

CATEGORÍA

☐

Comparsa

☐

Grupo

☐

Individual

DATOS DO DISFRACE

Nome do disfrace:

DATOS DOS COMPOÑENTES DO GRUPO

Nome e apelidos:

DNI:

Asinado:

Nome e apelidos:

DNI:

Asinado:

Nome e apelidos:

DNI:

Asinado:

Nome e apelidos:

DNI:

Asinado:

Nome e apelidos:

DNI:

Asinado:

Nome e apelidos:

DNI:

Asinado:

Nome e apelidos:

DNI:

Asinado:

Nome e apelidos:

DNI:

Asinado:

Nome e apelidos:

DNI:

Asinado:

Nome e apelidos:

DNI:

Asinado:

Como compoñentes do grupo/comparsa do disfrace gañador no Concurso de disfraces do Entroido 2023 do Concello de Melide,

AUTORIZAMOS a _____ con
DNI _____

Número de conta _____ ao
cobramento do premio gañado no concurso.

....., de febreiro de 2023

ANEXO 3: MODELO DE ACTA DO FALLO DO XURADO

Sendo as _____ horas do día 19 de febreiro de 2023, reúnen no Pazo de Congresos e exposicións do Concello de Melide os membros do xurado do Concurso de Disfraces do Entroido 2023 do Concello de Melide:

-
-
-
-
-

Para desenvolver a reunión que ten como único punto:

FALLO DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2023 DO CONCELLO DE MELIDE

1 Dacordo co establecido nas bases faise unha valoración dos disfraces participantes prestando atención a cuestións como: número de membros, orixinalidade dos disfraces, vestiario e maquillaxe, coreografía e música, traballo feito a man e posta en escea en cada unha das categorías.

2. O xurado establece os PREMIOS baseándose en tres categorías:

COMPARSAS, formadas por máis de 8 persoas:

1º premio por valor de 1.000 € que corresponde á comparsa:

Motivado por:

2º premio por valor de 700 € que corresponde á comparsa:

Motivado por:

GRUPOS, formados de 3 a 8 persoas:

1º premio por valor de 400 € que corresponde ao grupo:

Motivado por:

2º premio por valor de 300 € que corresponde ao grupo:

Motivado por:

INDIVIDUAIS E PARELLAS

1º premio por valor de 150 € que corresponde a:

Motivado por:

2º premio por valor de 100 € que corresponde a:

Motivado por:

2. O comunicado do fallo do concurso realizarase o mesmo día ao remate do concurso

De todo o anterior dou fe en calidade de secretaria do xurado. Asdo : A secretaria / Os membros do xurado

Asino estas bases con data da sinatura dixital.

Mayka Basalo Santín

Concelleira de Cultura e Turismo do Concello de Melide